

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O 18.06.2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 8.40 h. do 18.06.2014 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión extraordinaria urxente.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Paineiras, Iván Puentes Rivera, Antón Lois Noceda Carballo (quen se incorpora cando se sinala), Amalia García Balado, María Carmen Silvar Canosa, José Antonio López Rodríguez, Rita María Couto Seijido, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá e María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asiste o concelleiro:

Juventino José Trigo Rey

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventora accidental:

María Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión

A continuación toma a palabra o alcalde para dicir que a urxencia deste pleno vén motivada pola necesidade de achegar á Deputación un proxecto que non precise autorizacións para a súa aprobación e financiamento a través do DTC, logo de que fosen rexeitados dous proxectos, o arranxo do paseo marítimo de San Valentín e o arranxo da piscina.

Sometida a urxencia a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

2. Aprobación, se procede, do proxecto de obra "Reparación Pavimento e Saneamento Interior en Orra (Sillobre)" para a súa inclusión no Plan DTC 93 "Unha deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña e substituír os proxectos de obras "Sustitución de deshumificadoras en Piscina Municipal" e "Reparación de cerramentos, pavimentos e mobiliario de madeira de instalacións municipais do Concello de Fene"

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía do 16.06.2014:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 08.05.2014 o Pleno do Concello acordou participar no "Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Afirmado da rúa Fonte do Campo ata o Camiño do Sartego	58.463,93 €	-----	58.463,93 €
Sustitución de deshumificadoras en Piscina Municipal	58.873,19 €	-----	58.873,19 €

Reparación de cerramentos, pavimentos e mobiliario de madeira de Instalacións municipais do Concello de Fene	48.233,06 €	-----	48.233,06 €
T O T A L	165.570,18 €	-----	165.570,18 €

Logo de ver o requirimento de subsanación remitido pola Deputación Provincial da Coruña en relación ás deficiencias detectadas nos proxectos de "Sustitución de deshumificadoras en Piscina Municipal" e "Reparación de cerramentos, pavimentos e mobiliario de madeira de Instalacións municipais do Concello de Fene".

Logo de ver a imposibilidade de subsanar as deficiencias detectadas e visto o proxecto "Reparación Pavimento e Saneamento Interior en Orra (Sillobre)", de xuño de 2014 (RXE nº 5661 de 17.06.2014), asinado polo enxeñeiro de camiños, don Julio C. Rojo Martínez.

Logo de ver os informes dos servizos técnicos municipais e xurídicos sobre o proxecto meritado.

De acordo co anterior, propónse que o Pleno do Concello ACORDE:

1º) Aprobar o proxecto "Reparación Pavimento e Saneamento Interior en Orra (Sillobre)", de xuño de 2014 (RXE nº 5661 de 17.06.2014), asinado polo enxeñeiro de camiños, don Julio C. Rojo Martínez.

2º) Substituír os proxectos de "Sustitución de deshumificadoras en Piscina Municipal" e de "Reparación de cerramentos, pavimentos e mobiliario de madeira de Instalacións municipais do Concello de Fene" polo de "Reparación Pavimento e Saneamento Interior en Orra (Sillobre)" e participar no "Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

Obras e subministracións

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Afirmado da rúa Fonte do Campo ata o Camiño do Sartego	58.463,93 €	-----	58.463,93 €
Reparación Pavimento e Saneamento Interior en Orra (Sillobre)	107.106,25 €	-----	107.106,25 €
T O T A L	165.570,18 €	-----	165.570,18 €

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.

3º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegárase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

4º) Autorizar á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Fene, 16 de xuño do 2014
O alcalde-presidente
Gumersindo Pedro Galego Feal"

Abre o debate o concelleiro de Obras Alejandro Dopico Rodríguez, que di que logo de recibir o 09.06.2014 a non admisión dos proxectos presentados inicialmente tiveron que traballar en novos proxectos que contasen con todas as autorizacións sectoriais, por iso optaron polo camiño de Orra que cumpre con estes requisitos, tendo en conta que o prazo para presentalo remata o día 20.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que apoiaron as dúas obras que se presentan ao DTC, levaban anos pedindo que se arranxase o camiño de San Xiao e tamén o camiño de Orra, pero tamén quere deixar constancia de que sendo certo que as autorizacións e os permisos precísanse en practicamente todos os plans, tamén é certo que plan tras plan se substitúen obras á última hora e non se inclúen obras que fosen obxecto de negociación ou que se falasen previamente máis aló de recoñecer a propia necesidade de facelas. Cara ao futuro roga que se prevea cara á elaboración dos plans ter un saco con proxectos de obras que non precisen autorizacións para incluíren en casos como este.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que non reiterará o xa exposto, que entende que a Corporación ten que darlle saída a estas obras, porque non se trata de perder 100000 euros por unha interpretación, máis que dubidosa, da Deputación. Como a Deputación non acepta as obras comparten a idea de que se cambien por outras. No caso concreto desta obra comparten a necesidade de arranxar este camiño pero non coinciden co resultado final, pois pérdese a oportunidade de que se gañe ancho en todo o percorrido, pois trátase dun camiño extremadamente estreito e ten zonas nas que non se poden cruzar dous coches de ningún xeito. Por isto o seu grupo vaise abster. Noutro Pleno votaron a favor do DTC, precisamente porque as obras viñan consensuadas e incluso o camiño de Santiago contaba coas cesións de case que toda a súa lonxitude para facer unha rúa en condicións. Aquí pérdese a oportunidade de que o camiño quede ben cara ao futuro o que é unha mágoa cando se vai facer un investimento importante. Entenden que non se podían perder os cartos e por iso anuncia a abstención para favorecer que saia para adiante. Non obstante comparte a idea para ter previsto para o vindeiro POS ou demais plans ter previsto unha serie de obras ou incluso ter avanzadas certas autorizacións que saben que se poden retrasar.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparten a idea de que se teña feita a previsión da realización de obras e que se traian consensuadas. Tamén entende o dito polo concelleiro do grupo municipal do BNG de que ese camiño é moi estreito, así leva moito tempo pedindo que se faga dirección única. Por coherencia co que leva pedindo dende hai tempo vai votar a favor.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor, (6 do grupo municipal do PP, 5 do grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto), e 4 abstencións do grupo municipal do BNG.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Aprobar o proxecto "Reparación Pavimento e Saneamento Interior en Orra (Sillobre)", de xuño de 2014 (RXE nº 5661 de 17.06.2014), asinado polo enxeñeiro de camiños, don Julio C. Rojo Martínez.

2. Substituír os proxectos de "Sustitución de deshumificadoras en Piscina Municipal" e de "Reparación de cerramentos, pavimentos e mobiliario de madeira de Instalacións municipais do Concello de Fene" polo de "Reparación Pavimento e Saneamento Interior en Orra (Sillobre)" e participar no "Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

Obras e subministracións

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Afirmado da rúa Fonte do Campo ata o Camiño do Sartego	58.463,93 €	-----	58.463,93 €
Reparación Pavimento e Saneamento Interior en Orra (Sillobre)	107.106,25 €	-----	107.106,25 €
T O T A L	165.570,18 €	-----	165.570,18 €

3. Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.

4. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5. Autorizar á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 8.48 h., de todo o que como secretario dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García